



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Personas

Lista definitiva persoas admitidas/excluídas, tribunal, lugar e data concurso praza Asesor/a Xurídico/a Centro Información a Muller (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000027

Mediante Decreto 2109/2023, do 3 de outubro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, a composición do tribunal e a determinación do lugar, día e hora do comezo do proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de Asesor/a Xurídico/a do Centro de Información á Muller, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de Asesor/a Xurídico/a do Centro de Información á Muller (CIM) pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE
1	Tenreiro Blanco, Juana	***0934**	Sí

As persoas aspirantes en posesión do Celga 4 (ou equivalente), están exentas de realizar a proba de galego a que se refire a base sétima das bases específicas do proceso selectivo.

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Designar as seguintes persoas para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:

– Presidencia:

Titular: Matilde Montserrat González Rivera, pedagoga
Suplente: Eva Bergantiños Pérez, pedagoga

– Vogalías:

1.ª):

Titular: Carlos Alberto Domínguez Adegá, economista
Suplente: Luis Rodil Fernández, profesor Conservatorio de Viveiro

2.ª):

Titular: José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral
Suplente: Antonio Rio Rodríguez, profesor Conservatorio de Viveiro

3.ª):

Titular: María del Carmen Rego Piñeiro, psicóloga
Suplente: Antonio José Álvarez Neira, profesor Conservatorio de Viveiro

– Secretaría:

Titular: María Roca Vázquez, técnica de administración xeral do Concello de Pontedeume

Suplente: Alejandra Pardo Vázquez, secretaria de administración local

4º) Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día: 17 de outubro de 2023

b) Lugar: Casa do Concello

c) Constitución do tribunal: 12:00 horas

d) Valoración da fase de concurso: 12:30 horas

e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados

5º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

6º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

As Pontes de García Rodríguez, 3 de outubro de 2023

O concelleiro-delegado de Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2023/7866